

ESTATUTOS ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE

CAPÍTULO I – NORMAS XERÁIS

Artigo 1º- A Asociación Liga Noroeste é unha asociación privada con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e con plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Está constituída ao amparo do artigo 22 da Constitución e réxese pola L.O. 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e polos presentes Estatutos.

Artigo 2º- Os fins da Asociación Liga Noroeste son:

- 1) A práctica e fomento do remo tradicional polos seus asociados, sen ánimo de lucro, organizando para iso todo tipo de actividades que contribúan ao seu progreso e desenvolvemento.
- 2) Facer chegar o remo tradicional a toda a poboación mediante medidas de achegamento como exposicións, exhibicións, etc.
- 3) Apoiar o coñecemento e desenvolvemento de embarcacións tradicionais e do turismo náutico.

O ámbito de actuación da Asociación Liga Noroeste abarca o territorio da Comunidade Autónoma Galega, sen prexuízo de poder participar en actividades de carácter estatal ou internacional.

A ALN empregará preferentemente o galego nas comunicacións entre os seus socios, así como nas relacións con outros organismos públicos ou privados.

Artigo 3º- O domicilio social e fiscal da Asociación Liga Noroeste fíxase en Avenida das Américas nº33, 15172, Oleiros (A Coruña).

Artigo 4º- A organización e o funcionamento interno da asociación seguirán o principio democrático, e no non previsto nos Estatutos será a Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo.

Artigo 5º- A Asociación Liga Noroeste constitúese con carácter indefinido, e só se disolverá por acordo da súa Asemblea Xeral segundo o disposto nos Estatutos, ou polas causas previstas na lei.

CAPÍTULO II – OS SOCIOS

Artigo 6º- Terán a condición de socio aquelas entidades deportivas que cumpran os requisitos esixidos polos presentes Estatutos, e soliciten por escrito dirixido á Xunta directiva o seu ingreso como socio.

Artigo 7º- O número de socios será ilimitado, non obstante, a Asociación Liga Noroeste poderá suspender a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforamento ou capacidade organizativa.

Artigo 8º- Son requisitos para ser socio:

a.- Ser unha entidade deportiva constituída legalmente en funcionamento, que teña por obxecto a práctica e promoción do deporte do remo sen ánimo de lucro.

b.- Estar afiliado á Federación Galega de Remo.

c.- Presentar a solicitude de inscrición no formulario oficial normalizado, homologado pola ALN a tal efecto, debidamente cumprimentado e asinado polo Presidente da entidade peticionadora.

d.- Aboar a cota de inscrición, que se fixa na cantidade de 2.400,00 euros por cada equipo que inscriba o club. O pagamento farase do seguinte xeito:

1.200,00 euros (50%) con data límite o 10 de xaneiro.

1.200,00 euros (50%) con data límite o 10 de marzo.

A cota de inscrición poderá ser modificada pola Asemblea Xeral, sen que sexa necesaria a modificación dos Estatutos.

e.- Non ter débedas coa Asociación Liga Noroeste ou cos clubs membros da asociación. En todo caso, estas débedas deberán ser líquidas, vencidas e esixibles na data do primeiro pago da cota de inscrición.

Artigo 9º- Os socios terán os seguintes dereitos:

a.- Promover e procurar que a actuación dos órganos de goberno da Asociación Liga Noroeste se ataña ó disposto nestes estatutos e na restante normativa de aplicación.

b.- Separarse libremente da Asociación.

c.- Coñecer tódalas actividades, contabilidade, extractos bancarios, facturas pagadas e facturas ou obrigas pendentes de pago da Asociación, así como examinar a documentación da mesma previa petición ao Presidente.

d.- Participar con voz e voto nas asembleas da Asociación, expondo libremente as súas opinións e podendo conferir a súa representación a outros socios. Os clubs terán dereito a un voto por cada equipo inscrito.

e.- Ser elector ou elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

f.- Impugnar os acordos e actuacións dos órganos da Asociación Liga Noroeste, que poidan resultar contrarios aos Estatutos ou ás demais normas que resulten aplicables. Os asociados deberán formalizar a devandita impugnación dentro do prazo de corenta días, a partir da data de adopción dos mesmos, instando á súa rectificación ou anulación e á suspensión preventiva no seu caso, ou acumulando ambas pretensións polos trámites establecidos na Lei de Axuizamento Civil.

g.- Participar en cantas actividades organice a asociación así como gozar dos elementos destinados ao uso común dos socios, na forma que dispoña a Xunta Directiva.

h.- Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias, así como ser informado das causas que motiven aquelas, sempre e cando lle afecten ou teña a condición de interesado. En todo caso, as medidas disciplinarias só poderán fundarse no incumprimento das obrigas e os requisitos fixados nos presentes Estatutos e nas restantes normas vixentes de aplicación.

Artigo 10º- Son obrigas dos asociados:

a.- Acatar e cumprir os Estatutos da ALN, a normativa e regulamentos que resulten de aplicación para os socios e os acordos validamente adoptados polos órganos da Asociación.

b.- Pagar as cotas que determine a Asemblea Xeral no prazo indicado.

c.- Realizar aportacións económicas extraordinarias, que serán prorrateadas entre todos os asociados, para cubrir necesidades de liquidez puntuais que puideran darse no transcurso das actividades ordinarias da ALN. Neste caso, a falta de liquidez non poderá ser consecuencia do incumprimento do disposto nos estatutos, do orzamento anual aprobado pola asemblea ou da normativa vixente de aplicación. Ditas achegas extraordinarias, que deberán ser aprobadas en asemblea, serán devoltas no menor prazo posible.

d.- Participar activamente na consecución dos fins da ALN.

e.- Aportar a documentación que lle sexa requirida pola ALN, na forma e prazo que se sinale.

Artigo 11º- A condición de socio pérdese:

a.- Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.

b.- Por acordo da Asemblea pola falta de pagamento das cotas sociais, débedas de carácter disciplinario, ou outras débedas coa ALN ou có resto dos socios. A Xunta Directiva requirirá ó socio debedor o pagamento que corresponda no prazo de quince días hábiles; se transcorrido dito prazo o socio non aboa o importe da débeda, causará baixa como asociado. Esta baixa non liberará ao socio das obrigas pendentes coa Asociación. O socio que cause baixa, non terá dereito a reclamar as cantidades que teña subscritas, e puidesen corresponderlle, por razón da súa participación patrimonial.

c.- Por sanción disciplinaria. A perda da condición de socio por sanción disciplinaria opera automaticamente tan pronto como a resolución alcance firmeza.

d.- Pola extinción da entidade asociada.

e.- Pola extinción ou disolución da Asociación Liga Noroeste, por acordo da súa Asemblea Xeral, resolución xudicial, ou outro motivo legalmente establecido.

Artigo 12º- Os asociados poderán solicitar voluntariamente a baixa na Asociación, pero iso non lles eximirán de satisfacer as obrigas que teñan pendentes con ela nin a recuperación das achegas realizadas.

Artigo 13º- Os socios poderán outorgar a súa representación a calquera outro asociado, aos únicos efectos de asistir ás asembleas da ALN e votar os acordos que nela se expoñan. A representación outorgarase por certificación do secretario da entidade co visto e prace do Presidente designando a entidade na que delegan o voto, e deberá ser entregado ao Secretario da Liga antes de celebrarse a Asemblea.

CAPÍTULO III- ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE

Artigo 14º- Son órganos de representación e goberno da ALN a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN: A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 15º- A Xunta Directiva é o órgano de xestión e administración da Asociación Liga Noroeste, e actuará para dar cumprimento ao acordado pola Asemblea Xeral.

A Xunta Directiva estará composta polo seu Presidente, Secretario e o Tesoureiro; poderá complementarse cos vogais necesarios, así como coa figura dun Vicepresidente.

O Presidente poderá ostentar o cargo de Tesoureiro.

O Presidente será elixido de entre os representantes das entidades asociadas, mediante sufraxio libre, directo, igual e segredo.

O cargo de Presidente poderá ser ostendado por unha persoa proposta baixo o amparo dun club socio, sempre e cando teña condición de socio no devandito club.

O Presidente poderá ser revogado pola Asemblea Xeral.

O Presidente escollerá os membros da Xunta Directiva de entre os representantes das entidades asociadas, e poderá modificar a súa composición cando así o considere necesario. En todo caso, informará á asemblea dos nomeamentos que efectúe e das modificacións que realice na composición da Xunta Directiva.

O Presidente será elixido por un período de dous anos. A Xunta Directiva cesará co Presidente que a designou.

Tanto o Presidente como calquera outro membro da Xunta Directiva poderá ser remunerado polo traballo que realiza. No caso de que algún membro da directiva perciba algún tipo de remuneración, esta será aprobada pola Asemblea, sendo esta quen designe as persoas, o concepto e a cuantía da remuneración, incluídas as dietas dos directivos.

Artigo 16º- A Xunta Directiva deberá reunirse con carácter ordinario con anterioridade a cada sesión da Asemblea Xeral, e sempre que sexa necesario para o adecuado desenvolvemento das súas funcións.

Para a celebración dunha sesión da Xunta Directiva, requírese que previa convocatoria asistan a metade máis un dos seus membros, incluído o Presidente.

Para a adopción de acordos no seno da Xunta Directiva necesitarase a maioría dos votos das persoas asistentes, en caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente.

Artigo 17º- A Xunta Directiva exercerá as súas facultades con carácter xeral, e encamiñará os seus actos a conquistar os fins da asociación, sempre que non requiran autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son funcións e obrigas da Xunta Directiva:

- a.- Informar das decisións, acordos e proxectos da Xunta Directiva á Asemblea Xeral.
- b.- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c.- Preparar os temas a tratar na Asemblea Xeral.
- d.- A xestión administrativa e económica da asociación.
- e.- Formular e someter á aprobación a aprobación da Asemblea Xeral os balances e contas anuais.
- f.- Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- g.- Nomear delegados para algunha determinada actividade de asociación.
- h.- Deseñar o calendario de actividades.
- i.- Propoñer á Asemblea da ALN, que deberá ratificalos, a creación dos órganos administrativos necesarios para o bo funcionamento da asociación.

Artigo 18º- Os membros da Xunta Directiva cesarán por:

- a.- Ter transcorrido o prazo de dous anos para o que foron escollidos.
- b.- Dimisión.
- c.- Revogación polo Presidente.

No caso de cese dun membro da Xunta Directiva, o Presidente elixirá ao substituto e informará de todo elo á ALN na primeira Asemblea que se convoque.

Artigo 19º- O Presidente da Xunta Directiva, é o representante da Asociación Liga Noroeste, executa os acordos da Asemblea Xeral, convoca e preside os órganos de representación e goberno.

Se a presidencia quedase vacante, desempeñará temporalmente as súas funcións o Vicepresidente ou Xunta Xestora constituída pola Directiva que cesa, mantendo os seus cargos e funcións; convocarán con carácter urxente á Asemblea Xeral Extraordinaria para elixir novo Presidente.

Son facultades específicas do Presidente:

- a.- Convocar e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e dirixir as deliberacións de unha e outra, o Presidente poderá delegar esta facultade.
- b.- Propoñer e impulsar o plan de actividades da asociación.
- c.- Executar e facer seguimento da xestión e a administración da asociación, dando conta periodicamente á Xunta Directiva.
- d.- Resolver cuestións que na actividade da asociación poidan aparecer con carácter de urxencia e precisen de decisión inmediata. En tales supostos o Presidente dará conta á Xunta Directiva na primeira sesión que se celebre.

- e.- Exercer aquelas competencias que lle outorgue a Xunta Directiva ou os socios.
- f.- Instar, transir e desistir en procedementos xudiciais e administrativos, podendo para isto outorgar e revocar poderes para preitos.
- g.- Contratar, con previo consentimento da Xunta Directiva, bens e servizos que sexan necesarios para o normal desenvolvemento das actividades da asociación. Non obstante, necesitará o consentimento da Asemblea para:
 - Realizar contratacións, ben por medio de arrendamento de servizos, ben por medio de contratación laboral ou calquera outra modalidade que superen os 5.000€ anuais.
 - Adquisición de bens que superen os 5.000€.

Artigo 20º- O Secretario realizará as seguintes funcións:

- a.- Levar o Libro Rexistro de socios.
- b.- Custodiar a documentación administrativa da asociación o levar o Rexistro de entrada e saída de documentos.
- c.- Levar a subscribir as actas das sesións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, co visto e prace do Presidente.
- d.- Expedir as certificacións, co visto e prace do Presidente, en relación cos documentos e asuntos da asociación.
- e.- Comprobar que tódolos asistentes á Asemblea estean debidamente autorizados polo club que representan.

Artigo 21º- O Tesoureiro será o responsable da xestión económica da asociación, elaborará o orzamento, levará o libro de contabilidade, asinará os recibos e ordenará os pagamentos. A final de tempada realizará o balance económico de ingresos e gastos que estará a disposición de todos os socios.

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN: A ASEMBLEA XERAL

Artigo 22º- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno, que poderá nomear e cesar ao Presidente da Asociación Liga Noroeste e estará integrada por todos os seus socios. As Asembleas Xerais tanto Ordinarias como Extraordinarias quedarán constituídas en primeira sesión, cando concorran a ela presentes ou representados a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria, media hora máis tarde, calquera que sexa o número de membros presentes. A convocatoria deberá realizarse cun mínimo de quince días de antelación. A convocatoria efectuarase por calquera medio que deixe constancia da súa recepción expresándose lugar, día e hora de celebración, así como a orde do día.

Cada unha das entidades asociadas terá un voto na Asemblea por medio do seu representante.

Os clubs a principio de cada tempada deberán comunicar por escrito ao Secretario da Liga quen serán os seus representantes nas Asembleas, así como a súa modificación, substitución ou cese.

Artigo 23º- A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou do 25% dos socios como mínimo.

Son facultades da Asemblea Xeral:

- a.- Aprobado o plan de actuación da asociación.
- b.- Aprobado os regulamentos e normativas xerais das competicións organizadas pola asociación, así como as súas modificacións.
- c.- Aprobado a xestión da Xunta Directiva.
- d.- Examinar e aprobar as contas anuais.
- e.- Fixar cotas, ordinarias e extraordinarias, que cada socio debe abonar á ALN.
- f.- Aprobado o calendario de actividades da asociación.
- g.- Modificar os estatutos.
- h.- Disolver a asociación.
- i.- Aprobado a federación e confederación con outras asociacións e no abandono das mesmas.
- j.- Dispoñer ou allear bens.
- k.- Acordar, no seu caso, a remuneración dos membros dos órganos de xestión e de administración.
- l.- Elixir ou reelixir o Presidente e a Xunta Directiva.
- m.- Realizar ou exercer calquera competencia non atribuída a outro órgano social.

A Asemblea Xeral reunirase en sesións ordinarias, extraordinarias e universais.

Apto 1.-

I.- Reuniranse con carácter ordinario e obrigatorio, previa convocatoria do Presidente, unha vez ao ano, e nos dous primeiros meses seguintes ao peche do exercicio, para tratar os seguintes temas:

- a.- Memoria, liquidación do orzamento, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.
- b.- Orzamento para o seguinte exercicio, proxectos e propostas do Presidente, Xunta Directiva e socios.
- c.- Aprobado o calendario de actividades da asociación.
- d.- Rogos e preguntas.

Intervirán nesta sesión os socios que tiveran tal condición no exercicio ou tempada precedente.

II.- Reuniranse con carácter ordinario e obrigatorio, previa convocatoria do Presidente, unha vez establecida a eventual admisión de socios na tempada en curso, para tratar os seguintes temas:

a.- Aprobar o orzamento.

b.- Aprobar o calendario de competicións e actividades da asociación. Intervirán nesta sesión os socios que teñan tal condición no exercicio ou tempada en curso.

Celebraranse tantas sesións ordinarias como considere a Xunta Directiva ou os socios, ademais das previstas neste artigo.

Apto 2.-

Terá que celebrarse Asemblea Xeral Extraordinaria para:

a.- Modificación dos Estatutos.

b.- Elección do Presidente e Xunta Directiva.

c.- Subscribir préstamos.

d.- Emitir títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial.

e.- Allear bens.

f.- A expulsión dun socio por proposta da Xunta Directiva e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo presidente ou proceda legalmente.

Apto 3.-

Poderase celebrar unha sesión Universal da Asemblea Xeral cando a totalidade dos asociados con dereito a voto estean presentes e acepten por unanimidade a celebración da mesma e a orde do día.

Unha vez iniciada a celebración desta, o abandono por parte dalgún socio non suporá a suspensión da súa celebración, nin tampouco a perda da súa validez.

Apto 4.-

Poderase celebrar unha Asemblea Xeral Extraordinaria de carácter urxente, cunha convocatoria inferior os quince días marcados pero nunca con menos de 48h de adianto, cando a Xunta Directiva así o conveña e sempre por circunstancias excepcionais que estes valorarán sempre que se reúna un quórum mínimo da metade dos socios con dereito a voto.

Artigo 24º- Os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia da súa impugnación diante dos órganos competentes.

Os acordos tomaranse por maioría simple das entidades presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente.

Cando se trate de modificar os Estatutos, esixirase unha maioría cualificada de 2/3 dos asistentes e que como mínimo a metade dos socios da Asociación Liga Noroeste teñan dereito a voto.

Aquelas propostas que presentadas en Asemblea foran votadas e non aprobadas, non poderán volver a plantexarse novamente ata que transcorra un ano dende o seu rexeitamento, salvo que a presentación conte co respaldo de 3/4 dos socios.

CAPÍTULO IV– RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 25º- O Réxime Documental da asociación constará dos seguintes libros: actas, contas anuais, inventario, orzamento, rexistro de entrada/saída de documentos e rexistro de socios.

Artigo 26º- No libro de Rexistro de socios constarán a identificación completa das entidades asociadas, o seu domicilio, así como os da persoa que representará na actividade da Asociación Liga Noroeste; tamén se especificarán as altas e as baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos de representación.

Artigo 27º- Nos libros de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos aprobados. As actas terán que estar asinadas polo Presidente e o Secretario.

Artigo 28º- Os libros de Contabilidade reflectirán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, ingresos e gastos da asociación, debéndose determinar a procedencia dos ingresos e o destino dos gastos.

Artigo 29º- As notificacións aos asociados, convocatorias de Asembleas e o réxime documental poderá ser executado a través de medios telemáticos e do correo electrónico oficial da ALN: *administración@ligalgt.com*

CAPÍTULO V– RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 30º- Os órganos e socios do club están suxeitos ao Regulamento disciplinario que desenvolva ou adopte a Asociación Liga Noroeste.

Artigo 31º- O Presidente e os membros da Xunta Directiva responderán fronte os asociados, e/ou terceiros, dos danos e perdas se ocasionen por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia da asociación e o ordenamento xurídico vixente.

CAPÍTULO VI– RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 32º- A Asociación Liga Noroeste comeza a súa actividade sen ningún patrimonio propio. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da asociación serán os seguintes:

a.- As cotas de socios, periódicas ou extraordinarias.

b.- As subvencións, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos asociados, terceiras persoas ou institucións.

c.- Calquera outro recurso lícito.

Artigo 33º- O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

Artigo 34º- A Asociación Liga Noroeste sométese ao réxime de orzamento e patrimonio propios, coas seguintes limitacións:

a.- Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais ou de servizos, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Todos os seus ingresos serán destinados á conservación do seu obxecto social.

b.- Poderá fomentar manifestacións de carácter físico deportivo dirixidas ao público en xeral, actividades comerciais e de explotación publicitaria, aplicando os beneficios obtidos ao desenvolvemento de actividades deportivas por parte dos seus asociados.

c.- Poderá gravar, allear, solicitar préstamos, emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpran os requisitos seguintes:

- Que se autoricen tales operacións por maioría de 2/3 dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.

- Que devanditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade, ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a axeitada xustificación deste extremo poderase esixir, sempre que o soliciten como mínimo o 5% dos socios, o oportuno ditame económico.

- Cando se trate de gravar ou allear bens inmobles que foron financiados en todo ou en parte con fondos públicos, será preceptiva a autorización previa do organismo que aportou devandito financiamento.

Artigo 35º- A Asociación Liga Noroeste poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial. Os títulos serán nominativos.

Artigo 36º- Os títulos inscribíranse nun libro que levará ao efecto na asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias. Nos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e se é o caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 37º- Os títulos de débeda poderanse subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún aos socios, agás a percepción dos xuros establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 38º- Os títulos de parte alícuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os socios.

CAPÍTULO VII– REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE

Artigo 39º- Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derrogar por Acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada para tal efecto.

Artigo 40º- A Asociación Liga Noroeste extinguirase ou disolverase nos seguintes casos:

- a.- Por acordo das dúas terceiras partes dos socios, adoptado en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto.
- b.- Por sentenza xudicial.
- c.- Por outras causas legalmente determinadas.

En todo caso notificarase ao Rexistro Central de Asociacións de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias á mesma.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme as modificacións acordadas en Asemblea Xeral celebrada en data 04 de febreiro de 2020 e seguindo o procedemento establecido nos Estatutos.